

## EXTRACTO DA CONVOCATORIA

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na páxina web municipal ([www.concellodevedra.com](http://www.concellodevedra.com))

### 1.- Beneficiarios.

Para ser beneficiario/a destas axudas é preciso cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Cursar estudos nalgún dos seguintes centros de ensino para os que se solicita a axuda:
  - a) PRIMARIA E INFANTIL: Todos os centros públicos do Concello de Vedra.
  - b) ESO: CPI de Vedra.
  - c) FP: Calquera centro público.
  - d) BACHARELATO: Calquera centro público.
  - e) UNIVERSITARIOS: Calquera universidade pública galega, agás que a titulación que estude non exista no Sistema Universitario Galego.
  - f) ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL-ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES: Calquera centro galego.
  - g) O alumnado cuxas necesidades educativas especiais impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio, poderá solicitar a axuda para a asistencia a un Centro de educación especial.
- 2) Que a capacidade económica familiar non supere os límites establecidos na base 6ª da presente convocatoria.
- 3) Estar empadroad/a no Concello de Vedra no momento de presentación da solicitude e ser fillo/a dependente economicamente. No caso de que o/a solicitante sexa menor de 25 anos e desenvolva actividade laboral ou perciba outros ingresos, poderán acceder a esta axuda, a tal efecto computaráselle ditos ingresos ao 50%.
- 4) Presentar certificado de matrícula (ou resguardo de ter pagada a matrícula, selado pola entidade bancaria) do/a alumno/a para o curso 2020/2021.
- 5) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a, recollidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- 6) As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais/nais, tutores/as e representantes legais. No caso de alumnos/as de entre 18 e 25 anos poderán facelo tamén as propias persoas beneficiarias.

- 7) Poderán ser beneficiarios/as da axuda de transporte os estudantes que non conten con transporte gratuíto aos seus centros de ensino e os non bonificados pola tarxeta de transporte metropolitano nin sexan titulares da tarxeta xente nova para menores de 21 anos. Para poder acceder a este tipo de axuda a persoa interesada deberá declarar responsablemente non ser beneficiario do transporte bonificado e non dispoñer de transporte escolar gratuíto, mediante a sinalización de este extremo e firma na declaración responsable recollida no Anexo II. O alumnado que pode acceder á axuda ao transporte deberá cursar algunha das seguintes formacións:
- a) Formación Profesional.
  - b) Bacharelato.
  - c) Universitarios.
  - d) Alumnado de ensinanzas de réxime especial.

## **2.- Obxecto e finalidade**

A presente convocatoria pública de subvencións terá como obxecto a concesión de bolsas de estudos para favorecer a escolarización pública e a formación universitaria en familias do Concello de Vedra.

## **3.- Bases reguladoras**

As bases reguladoras da concesión destas subvencións foron aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2020. O texto íntegro foi publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 189/20 , de data 9 de novembro e na páxina web municipal (<https://concellodevedra.com>)

## **4.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.**

As solicitudes poderán presentarse a través da Sede Electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>), no Rexistro Xeral do Concello de Vedra ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP)

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP

## **5º.- Crédito e importe das axudas**

Importe máximo da convocatoria: 10.000 euros

A contía das bolsas figura na base quinta das reguladoras da convocatoria

Vedra, 9 de novembro de 2020

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo